

NOTA ACLARATORIA SOBRE O CONTIDO DOS PLANS DE DESENVOLVEMENTO A INCLUIR NAS CANDIDATURAS DO PROGRAMA "LEADER GALIZA 2007-2013"

Chegadas as datas nas que na maioría dos territorios de actuación do programa Leader de Galiza 2007-2013 xa están constituídas ou a piques de constituírse as entidades que van presentar a súa candidatura ao programa, Agader quere ofrecer algunhas indicacións prácticas sobre a elaboración das respectivas estratexias ou plans de desenvolvemento.

A planificación estratéxica de cada grupo de desenvolvemento rural é un dos elementos clave do enfoque Leader e debería constituír a ferramenta básica que guíe as posteriores actuacións do grupo.

Tradicionalmente un número importante de estratexias de desenvolvemento foron documentos excesivamente teóricos, tecnicamente bos e formalmente intachables, pero con pouco efecto real sobre o traballo dos grupos xa que non foran formuladas e asumidas polo conxunto da poboación chamada a ser protagonista das mesmas. Córrese así o risco de que o labor dos grupos de desenvolvemento rural se reduza a conceder subvencións que non responden realmente a unha planificación previa, ao existir unha desconexión total entre un plan de desenvolvemento "de gabinete" e as actuacións que despois leva a cabo o grupo.

Tentando orientar e animar o proceso de formulación das estratexias, Agader publicou o pasado mes de marzo a "Guía práctica para a elaboración das candidaturas dos Grupos de Desenvolvemento Rural". Como xa se indica na Guía, non se trata de elaborar un documento maxistral, senón de recoller as análises, propostas e proxectos do conxunto de axentes implicados no programa; de tal modo que o resultado final sexa un plan de desenvolvemento con sustento real nos axentes do territorio. Nese sentido, ten unha importancia secundaria o nivel de detalle da parte de diagnose e non procede unha proliferación de datos, estatísticas e gráficos que teñan pouco influxo na parte propositiva. É dicir, o máis importante dos plans a presentar é definir cara onde se quere ir, plasmar o futuro que se quere para o territorio, e concretar as liñas de actuación que nesa dirección vai impulsar ou levar a cabo o grupo a través do programa Leader. Loxicamente para definir o camiño a percorrer hai que saber de onde se parte (diagnose), pero o punto de partida non pode ser o corazón da planificación.

Á hora de definir cara onde se quere camiñar cómpre facer un esforzo de concreción. Nese sentido, é fundamental que o proceso de formulación da estratexia sexa protagonizado, co apoio técnico necesario, polos axentes do territorio que se van implicar na posterior execución do plan, xa que iso axudará a que este sexa algo asumido, concreto e realizábelo.

No plano operativo, un esquema adecuado para a formulación da estratexia sería:

1º.- Traballar en grupos operativos, preferentemente mesas sectoriais, sobre cal ten que ser a aposta ou apostas en cada ámbito, tentando traducir iso en liñas concretas, e na medida do posible en proxectos concretos.

2º.- Que un equipo coordinador-redactor reuna as achegas de todas as mesas sectoriais tentando darlle coherencia e unidade á estratexia e procedendo á redacción final do documento. Nesta redacción debe limitarse ao máximo todo aquilo que non teña unha relación directa co plan de desenvolvemento que pretende executar o

grupo. Nese sentido, **a recomendación é que o documento final non exceda de 100 páxinas, e en calquera caso que a parte de diagnose non supere as 20 páxinas** (podendo adxuntar anexos, se se considera que estes axudan a avaliar mellor o plan deseñado).

Agader entende que é a través dun proceso participativo deste tipo como os axentes que integran o GDR se poden sentir identificados coa estratexia, de tal modo que esta sexa unha verdadeira ferramenta de traballo. Iso é o que se pretende e o que se estableceu nas bases da convocatoria como un dos elementos clave a puntuar no baremo de selección dos programas.

No caso de que se recorra á contratación dalgunha axuda externa para a redacción da estratexia **é moi importante que aínda así os criterios, os obxectivos e as liñas mestras sexan definidos polos axentes implicados no GDR** máis que por un equipo técnico externo. Nese sentido, reiteramos que non se trata de redactar un documento técnico para cubrir un trámite formal, senón de presentar a planificación estratéxica que vai guiar o traballo real do grupo ao longo da execución do programa.

Por último, e a nivel máis operativo, cando un grupo incorra en gastos relativos á formulación da estratexia debe ter en conta que para que poidan ser elixibles, no caso de que a candidatura resulte seleccionada, deberán axustarse á normativa recollida nas bases reguladoras, en concreto na Ficha de Elexibilidade IV do Réxime de Axudas. Lémbrese, así mesmo, que o prazo para a presentación das candidaturas remata o 16 de setembro; aínda que o tempo dispoñible non é moito si que pode ser aproveitado para facer un bo traballo.

Agader, animando aos GDR a asumir o traballo de planificación e programación, ofrécese para, na medida das súas disponibilidades, levar a cabo un labor de asesoramento técnico naquelas cuestións relacionadas coa estratexia que os grupos soliciten. Para iso as señas de contacto son: teléfono 981 547365; correo electrónico: area.programas.agader@xunta.es.

Santiago de Compostela, a 16 de xullo de 2008